



Web: www.png-pg.org

O PNG-PG participará na candidatura de Carlos Aymerich á portavocía nacional do BNG

A dirección do PNG-PG agarda que a asemblea extraordinaria supoña un punto de inflexión no BNG, do que saía unha organización máis forte, afondando na pluralidade e apertura social

A dirección do PNG-PG, corrente integrada no BNG, ven de acordar a súa participación na candidatura que encabeza Carlos Aymerich para a próxima Asamblea Nacional Extraordinaria.

O PNG-PG considera que a Asamblea Nacional Extraordinaria non pode supor unha mera elección de candidaturas senón que debe supor un punto de inflexión no BNG, do que saía unha organización máis forte, afondando na pluralidade, na participación e apertura social.

O secretario xeral do PNG-PG, Iago Tabarés, explica que a decisión de participar nesta candidatura adoptouse dende una posición construtiva e coa vontade de traballar por fornecer a unidade do nacionalismo, facendo un BNG máis forte, máis plural e máis aberto á sociedade.

A xuízo da dirección do PNG-PG, e tal e como xa ten manifestado no pasado Consello Nacional, unha maior presenza social, unha interlocución permanente e directa con todos os colectivos e axentes sociais existentes e o incremento sustantivo da militancia nacionalista son os elementos esenciais para avanzar cara unha Galiza máis xusta, máis consciente de si mesma e, xa que logo, máis dona do seu futuro.

O PNG-PG non concibe a existencia de diferentes candidaturas como un mero proceso de escolla de persoas –todas elas totalmente válidas e cualificadas– senón como un proceso de reflexión interno, de achegas de ideas e debate construtivo que ten que facer do 11 de Maio un punto de inflexión que leve ao BNG a recuperar e mesmo superar a confianza que a cidadanía lle ten dado no pasado.

Os resultados do 1 de Marzo e as consecuencias dos mesmos fan necesario e mesmo inaprazábeis abordar ese proceso de reflexión interna que ten que



Web: www.png-pg.org

levar a adopción das medidas que permitan mellorar o funcionamento organizativo e afondar na apertura do BNG á sociedade, só así poderemos continuar co proceso de transformación social encetado no 2005 e que se vai ver paralizado durante catro anos.

A dirección do PNG-PG entende que este proceso ten que ser liderado de tal xeito que del salga un BNG máis forte, que respecte e afonde no valor da pluralidade do nacionalismo que coa súa unidade hoxe representa o BNG.

Asdo: Iago Tabarés (Secretario Xeral).
Teléfono: 637-459990

Asdo.: Rosendo Gonzalo Covelo Roma (Vice-secretario Xeral).
Teléfono: 605-782894.